
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 17 DE MARZO DE 2016**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do xoves día 17 de marzo de 2016 coa seguinte orde do día:

- 1) Aprobación de Actas
- 2) Informe do Director
- 3) Presuposto de 2015: Peche do exercicio
- 4) Presuposto de 2016 (provisional)
- 5) Green Campus
- 6) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

ESTUDANTES

Espasandín Lacalle	Raúl
Dacosta Tapia	Jorge
Pire Pardo	Luis

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Valcárcel Cortiñas	M ^a Carmen
--------------------	-----------------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de actas

Apróbase a acta da reunión anterior.

2. Informe do director

O Director comeza o informe expoñendo a resposta que se recibiu desde a ACSUG respecto á modificación do grao do TECIC e que se esperará a emitir o informe definitivo trala visita da Comisión de Avaliación que avaliará os graos da Escola e o Máster de enxeñaría da auga. A espera por este informe fixo que aínda non se comezara coa redacción do PDA, en canto isto estea definido se convocará a Xunta de Escola.

A comisión de avaliación da acreditación acudirá á Escola a final de mes e xa se está traballando en isto. En días previos enviarán unha lista de materias e traballos fin de grao e Máster que quixerían avaliar en detalle. Durante a acreditación haberá reunións con profesores, estudantes, PAS, titulados e representantes das empresas. Vaise habilitar a Sala de graos II para as reunións cos distintos colectivos e a Sala de Xuntas para as reunións propias da Comisión.

Remitíronse uns documentos relacionados coa avaliación por compensación que nas últimas semanas se enviaron ó valedor e ó reitor, dos cales se informa á Comisión Permanente. O proceso actual presenta moitos problemas e disfuncións e iso se manifestou en cartas ó valedor e o reitor. No Consello de Goberno da UdC sae este tema de maneira recorrente e tamén na COAP sen que de momento teña habido ningunha proposta de modificación do actual regulamento por parte da Reitoría.

Respecto ós premios extraordinarios fin de carreira da UDC tradicionalmente eran para os graos e non hai estes premios para os Máster, polo que se solicitou por carta que se inclúan os estudantes de Máster na próxima convocatoria de premios fin de carreira que convoque a universidade.

Respecto ós estudantes, celebrouse na Escola a 25 edición do Intercaminos e foi un éxito de participación. Todo se planificou con moita antelación comezando o ano previo. Expresa a súa felicitación ós estudantes pola organización.

3. Presuposto de 2015: Peche do exercicio

Enviouse previamente a información co resumen económico, executouse todo o gasto e solo quedou sen asignar unhas pequenas contías relacionadas co IVE. Tendo en conta o recorte a metade de ano, cabe destacar que se poido funcionar con razoable normalidade.

4. Presuposto de 2016 (provisional)

Tamén se enviara o presuposto do ano 2016, explica o director que se prorrogou o de 2015 dado que o presuposto da UdC está aínda sen aprobar polo Consello de Goberno. Neste momento solo se permite o gasto cunha porcentaxe limitada ó 40% e con limitacións adicionais dentro deste importe para algúns gastos concretos.

5. Green Campus

Toma a palabra o profesor Luís Pena para explicar o programa Green Campus. A UdC asinou un convenio para obter un selo de correcta xestión medioambiental. Este tipo de certificacións serve para reducir a pegada ecolóxica das institucións educativas e mellorar a concienciación ambiental dos estudantes e profesionais.

Dentro da Escola sería preciso nomear un comité ambiental do centro, que sería encargado de facer unha eco-auditoría con propostas de mellora. Tras isto faríase unha avaliación externa que analiza se se cumpren os obxectivos.

Propón unha comisión que se encargaría disto e estaría composta polas seguintes persoas:

Luís Pena Mosquera (Presidente)	Subdirector Escola
Diego Carro (Secretario)	Secretario da Escola
Joaquín Suarez	PDI. Área de Enx. Ambiental
Alfonso Orro	PDI. Área de Enx Transportes
María Jose Recarey	PAS. Laboratorios da Escola
Saúl Rilo	Alumno Grado/Posgrado
Miño Guerreiro	Enxeñaría Sen Fronteiras (ONG)
Diego Souto Couceiro	Becaria/o da OMA

Apróbase a constitución deste comité coa composición proposta.

6. Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Jorge Dacosta, indicando que en varios lugares da Escola o wifi non funciona. Resposta o director expoñendo que este problema se detectou en varias zonas da Escola e tamén polo resto da UdC. Indica tamén que se anulou un concurso para substituír os equipos wifi e dar un servizo adecuado. Ten que comezar o concurso de novo. Traslada esta queixa ó Vicerreitor, pero indica que como mínimo o prazo para solucionar isto será dun ano.

Intervén o profesor Manuel Casteleiro consultando sobre os avances nas obras do CITEEC. O Director indica que as certificacións que presenta a empresa se van aceptando e que todo avanza con normalidade.

Intervén o estudante Raul Espasandín respecto á carta que o Director envía sobre os premios dos Máster. Indica que hai mais discriminacións respecto a estudantes da antiga titulación ou de grao, por exemplo, saíron unhas bolsas da Xunta de Galicia nas que os estudantes de Máster non se poden presentar.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:15 do 30 de novembro de 2015.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico